

## Compromiso de calidad

A Facultade de Ciencias da Educación é consciente da importancia que ten a calidade para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico), a Facultade de Ciencias da Educación elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade de Ciencias da Educación quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e más adecuada formación para os seus estudiantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Ciencias da Educación dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométense a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a Facultade de Ciencias da Educación adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

**Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

**Integración, participación e igualdade:** esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade de Ciencias da Educación a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

**Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

**Excelencia:** o traballo desta facultade realiza-se tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.

**Transparencia:** esta facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a decana subscribe este documento de política de calidade o día 24 de febreiro de 2023

Firmado por LORENZO MOLEDO MARÍA DEL MAR  
- \*\*\*8109\*\* el día 23/02/2023 con un  
certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Dona Maria del Mar Lorenzo Moledo

Decana da Facultade de Ciencias da Educación